

Recomendación dirixida ao Concello de Pobra de Trives debido aos ruídos e molestias producidos por cans de caza

Expediente: C.6.Q/13120/16

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito ■ e ■ referente aos ruídos e molestias producidos por cans de caza.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que teñen un problema cuns veciños cunhas canceiras (de caza) e cunha cantidade considerable de cans, que non os deixan durmir, pois ouvean día e noite. As canceiras están situadas a uns escasos 45m/50m da vivenda, co cal o ruído e o cheiro fanse insoportable, dado o pouco espazo que os separa. En pleno verán coa calor que fai teñen que durmir coas xanelas pechadas. Levan anos que non poden ter un soño e descanso digno. É un matrimonio cunha filla de case 4 anos. Pola súa profesión (traballo na construción) ten que manipular máquinas perigosas e traballar a considerables alturas. A súa esposa tamén traballa en diferentes quendas, co cal ten que durmir en diferentes horarios (tanto de día como de noite). A súa filla é raro que non esperte ata 4 veces na noite, algunha con dificultade a volver durmir. A súa esposa e a filla tiveron que ir durmir varias noites a outro pobo. Dos seus escritos de 11/11/15 e dos da esposa de 27/11/15 e 17/06/16 aínda non tiveron resposta por parte do concello. Remiten copias de informes e escritos do problema. Piden a retirada dos cans e clausúraa das canceiras.

2. Ante iso requiriuse informe ao concello. Remitiu o expediente e non o informe requirido sobre cuestións concretas.

Dos documentos enviados dedúciase que en 2015 o concello ordenou corrixir a situación, pero ao parecer non fixo cumprir o resolto, e tampouco informaba do que faría para o cumprimento forzoso do resolto.

3. De novo dirixímonos ao concello co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración. O concello sinalou o seguinte: "... en base o informe xurídico emitido por Secretaría en data 19 de agosto de 2015 no que se propón a esta Alcaldía que "no exercicio das competencias que se lle atribúen polo artigo 21.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, adopte resolución de bo goberno en base ao disposto no artigo 7.2 da Lei 1/1993 e artigo 25 i) do Decreto 153/1998 de 2 de abril, esixindo ao propietario da canceira o cumprimento das disposicións citadas: "Que os animais non lles causen molestias aos veciños ou poñan en perigo a quen conviva no seu contorno", esta medida foi comunicada en data 21 de agosto de 2015 e en data 1 de febreiro de 2017".

4. Puxémonos en contacto directo cos afectados, que indicáronnos que a situación seguía e que os cans están igual, fundamentalmente producindo ruídos constantemente (ladridos e ouvidos). Ademais atópanse nun pequeno espazo ou atados e producen un cheiro insoportable. En verán teñen que durmir coas xanelas pechadas, a pesar do calor. A instalación atópase nunha finca que non ten vivenda, polo que non molesta en absoluto ao promotor ou responsable, pero si causa graves prexuízos e danos á familia reclamante. Ademais o concello segue sen responder ás súas denuncias, a pesar de que nelas manifestan claramente que son interesados (polos prexuízos que alegan).

5. A segunda resposta do concello facía referencia ao que xa fixera anteriormente e que resultara inútil, como pon de manifesto a queixa. O fixo recentemente, o 1 de febreiro de 2017, despois da queixa, pero tamén o 21 de agosto de 2015, sen resultado.

O concello non dera conta diso aos afectados e tampouco respondeu as súas denuncias. Tampouco aclaraba as razóns polas que non fai cumprir a súa orde.

6. Con esa valoración provisional requirimos novo informe ao concello, que nolo remitiu. Sinala que "... en data 2 de febreiro se lle ordenou o propietario que os animais non lles causen molestias aos veciños ou poñan en perigo a quen conviva no seu contorno. Así mesmo comunicarlle que por un erro administrativo non se lle comunicou aos denunciante, pero na data de hoxe dáselle traslado do notificado ao propietario dos cans".

## ANÁLISE

1. A última actuación do concello consistiu na notificación que do resolto aos denunciante. Pero non existe ningunha variación no fondo do asunto, a pesar do indicado na valoración provisional enviada ao ente local o 4 de maio.

2. Postos en contacto novamente cos afectados manifestan que a situación segue a ser a mesma; sofren os grandes prexuízos e molestias que denuncian dende hai tempo. Os cans ladran de noite debido as condicións nas que se atopan e o cheiro é moi intenso, polo que non poden abrir as fiestras.

3. Como sinalamos na valoración provisional, a secretaría do concello informara en agosto de 2015 e propuxo resolución para que se cumpra a obriga de que os animais non causen molestias ou poñan en perigo a quen conviva no seu entorno, e que de non facelo iníciase expediente sancionador. O alcalde resolveu nese senso. Pero con posteridade reclamou á secretaría un informe sobre a situación urbanística da construción, a pesar de que xa a secretaría dixera que non se trataba dun problema dese tipo. Non consta resposta. Si constan novas denuncias nas que os afectados sinalan que os problemas aumentaron (cachorros, ouvidos, imposibilidade de durmir polos ladridos, as veces teñen que trasladarse a outro domicilio ...).

O concello resolveu en agosto de 2015, pero non fixo cumprir o resolto. Resolveu o mesmo en febreiro de 2017, a raíz das novas denuncias e da queixa, pero sen solución, polo que se remitiu a valoración provisional. A resposta a iso foi que por un erro non se respondera aos denunciante, o que se facía agora, pero sen ningunha novidade respecto do fondo do asunto.

Segue sen facerse efectivo o que xa determinouse en 2015. O concello non da conta de ningunha actuación para facer cumprir o ordenado hai tempo e mais recentemente, e iso a pesar das indicacións realizadas con ocasión da queixa.

4. As persoas afectadas reclaman a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara o dereito fundamental á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e protexe tamén os dereitos á protección da saúde (art. 43.1), e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Os poderes públicos, entre eles os concellos, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

5. No suposto que coñecemos, da información dispoñible dedúcese que o Concello da Pobra de Trives non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Pobra de Trives a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se garantan os dereitos das persoas afectadas pola situación que denuncian dende hai tempo, que provoca prexuízos por rúidos e cheiros, e que para iso o concello faga cumprir o ordenado por el mesmo en 2015, cando requiriu que os cans non causaran molestias e perigos aos veciños.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo